

Diante dunha fotografía de Alexandre Cribeiro durmindo

Alfredo Conde

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CONDE, ALFREDO (2012 [1995]). “Diante dunha fotografía de Alexandre Cribeiro durmindo”. *Dorna*: 21, 25-28. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1950>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CONDE, ALFREDO (1995). “Diante dunha fotografía de Alexandre Cribeiro durmindo”. *Dorna*: 21, 25-28.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Diante dunha fotografía de Alexandre Cribeiro durmindo

Alfredo Conde

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CONDE, ALFREDO (2012 [1995]). “Diante dunha fotografía de Alexandre Cribeiro durmindo”. *Dorna*: 21, 25-98. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1950>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CONDE, ALFREDO (1995). “Diante dunha fotografía de Alexandre Cribeiro durmindo”. *Dorna*: 21, 25-98.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DIANTE DUNHA FOTOGRAFÍA DE ALEXANDRE
CRIBEIRO DURMINDO

Alfredo Conde

Chameille *Monseñor* dende que andamos xuntos tralos pasos perdidos de Monsignore Confalonieri, facendo un aínda non sei se inventado camiño portugués de peregrinación a Compostela; sei, en todo caso, que, polo camiño que nós percorremos daquela, andou Confalonieri antes de que nós o fixeramos, séculos despois, hai apenas uns anos. Daquela xa lle collera eu afecto, ó raio do Monseñor.

Moito se había rir Monseñor, despois daquela viaxe, recordando que nalgún lugar do percorrido ceara eu un coelliño asado. Recén concluído o prandio, aínda medio insatisfeito, tal fora a ruín encarnadura do roedor, laiárame eu do "¡pronto que cae un coelliño!". Logo, cando el o contaba, rememorando os avatares das nosas viaxes xuntos, facíao ríndose a esgalla, cheo de picardía, todo con tal de incrementa-la que el coidaba moi merecida sona do meu bo dente, a conta de facelo tamén coa ruín entidade daquel efémero *lupus cuniculus* ó que a penas lle deran tempo pra medrar. Calaba sempre que aquel animalíño de El Señor nin coelliño era, semellaba máis cazapo ca outra cousa e que el, Alexandre Cribreiro, comía coma un paxariño. ¿En que lugarexo portugués fora aquela cea?

Coñecérao había anos –como poeta, primeiro; como Director do Centro de TVE en Galicia, despois– e cando nos vimos na obriga de termos que facer un traballo en común tivemos que nos aclarar previamente un par de cousas. Eu aclareille a el que, contra toda sospeita pola súa parte, nada tivera que ver no seu cesamento como director do Centro de TVE en Galicia. El creume. Fixo ben, era certo. Nada tivera que ver. Pra se congraciar comigo díxome que el si retirara de pantalla unha locutora no centro da TVE en Galicia; pero non por nada do que dixera a xente, senón porque tiña un galego deleznable. Crinllo e rímonos. Era certo. A tal señora aínda non aprendeu hoxe a falalo. Debe ser que non se esforza moito.

Comentoume el, logo, que os seus amigos lle botaban en cara o que aceptase aquel traballo en colaboración comigo e que, se ben me aceptaba como guionista da serie, non me quería como presentador dos capítulos

SEMBLANZA

sobre os Camiños de Santiago. Crinlle a primeira afirmación e preguntelle o porqué da segunda e máis a quen propuña. Respondeume que eu era demasiado guapo e que el optaba por Vidal Bolaño. Boteime a rir e argüín que a súa xustificación era dunha pobreza semellante á resposta que suxeiría. Preguntoume ca1 era esa resposta e contesteille que rexeitar ó Roberto por ser demasiado feo. Nin se inmutou. Gañou el. Sabía que tiña gañada a partida de antemán e non precisou esforzos complementarios. Aceptei axiña, tiña razón, cada un vale para o que vale. Eso foi no noso primeiro xantar chantados á mesma mesa, logo de moitos desencontros e de moita desinformación mutua.

En cinco meses fixemos sete horas de televisión, partindo da nada. Localizabamos mentres había luz e logo pola noite redactaba eu os guións nas habitacións dos hoteis pra pasalos ó ordenador da casa, a través do modem, de xeito que puidesen ir sendo imprimidos e repartidos ós realizadores. Foi unha aventura increíble. Mentres un equipo rodaba, nós seguíamos localizando outros lugares de rodaxe, manténdonos en contacto telefónico con eles. Enviáballe ó realizador as correccións dos guións por fax, revisaba os textos e así, atendendo a todo, ata o borde da tolemia; pois chegou a haber tres equipos de rodaxe traballando ó tempo, en distintos tramos dos distintos camiños de peregrinación a Compostela. Monseñor coordinouno, dirixiuno todo. Foi a tolemia. Pero en cinco meses a serie estivo lista pra ser emitida. Só así se puido realizar aquel esforzo, con tal proceder e maila bonhomía de Monseñor. O traballo non quedou mal, esa é a verdade, a bonhomía xoga tamén nestas cousas. Que eu saiba foi o seu derradeiro traballo.

Ese traballo converteuno nalgúen que debeu e debe figurar no *Guinnes Book of Records* como o ser que pateou máis tramos de tódolos Camiños de Santiago que hai no mundo. El, que era ateo militante, deses que din que non hai Deus, pero que debería habelo pra lle poder dar unhas boas labazadas. ¡A quen se lle ocorre face-lo que El fixo! Se el foi o que máis camiños andou, o segundo debo selo eu, pero eu non son militante de nada, lástima.

Chameille Monseñor e aceptoume o tratamento. Coido que daquela xa eramos bos amigos. Non estabamos de acordo en case que nada e non podíamos estalo. Cribeiro era da vella garda comunista, un ortodoxo; eu non, malia que nalgún tempo combatese ó seu carón na loita contra a dictadura, cando xa a penas o era, hai que dicilo todo. Eu son máis ben un renegado e moito me temo que cada vez o sexa máis e renegue máis de

case que todo. Con tales vimbios non era doado tecer un cesto no que collese a amizade, pero fixémoslo.

Na fotografía que ilustra estas palabras, vésenos ós dous durmindo con total pracidade, coma se ningún dos dous non tiveramos ningunha mala conciencia por semellante e común traballo. Se acaso eu si, que teño a cabeza un tanto revirada, pero non el, que a ten ergueita e prácida, serena, non abatida, os dedos das mans ensarillados os uns nos outros, abacial, petrucialmente. Estamos no asento de atrás dunha furgoneta desas novas que admiten moitos pasaxeiros e mesmo que estes falen sentados coma ó redor dunha mesa de braseiro. A paisaxe que non se ve a través do cristal traseiro debe corresponder ó ceo que abrangue os acantilados que forman as brancas rochas de Dover, ou por alí cerca, nalgunha autopista inglesa; intúese través do cristal da esquerda da furgoneta, a de Cribeiro.

Teño poucas fotografías daquelas viaxes. As que conservo sacóunas Susana; esta por exemplo. Hai outras a bordo do transbordador que nos levou a través da canle da Manga, pero non as vou adxuntar a este envío. Un dos temas que nos axudou na nosa amizade era o do mar. Alexandre sabía que eu fora mariño e el perdera un irmán naquel naufragio terrible dun graeiro, sucedido sendo eu pequeno, antes de que explicaran as súas causas na Escola de Náutica, esa que agora se chama Escola Superior da Mariña Civil, cando xa a penas ninguén navega, que nin barcos temos xa. Alexandre púñase melancólico ás veces. Entón falabamos de como naufragaban os graeiros e de como agora non naufragan, gracias a uns alimentadores de gran, producto dunha sinxeleza imaxinativa non moi superior a aquela que lle valeu ó Colón pra se-lo primeiro home que puxo un ovo de pé. Cando lle explicaba estas cousas, Alexandre escoitaba en silencio. Expliqueillas moitas veces, a petición súa, as causas todas que levaron a pique o barco no que ía o seu irmán. Alexandre preguntaba, logo escoitaba en silencio. Así sempre.

Creo que durante os anos que durou a nosa amizade, os derradeiros da súa vida, fomos bos amigos. Eu funo del e estou certo que el o foi de min. Agora gardo del unhas cantas fotos coma esta e a memoria de alguén cheo de bonhomía e de agudeza, taimado coma un golpe, astuto coma poucos. Cando falabamos do marxismo, que pra el constituía un credo e pra min tan só un método máis dos moitos que hai pra analiza-la realidade, imprescindible, pero un máis, aínda que importante, pormenorizabamos no proceso de tese, antítese e síntese. Pois ben, Monseñor está xa nesoutra síntese que, á marxe das ideas, a vida nos ofrece, nos impón, máis